

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ANUNCIO do 10 de outubro de 2012, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitivos do baremo do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de chinés (592004) e xaponés (592013), aberto mediante o Anuncio do 24 de xullo de 2012 (Diario Oficial de Galicia do 10 de agosto).

Unha vez publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de persoas excluídas. En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Facer públicas, por medio deste anuncio, as puntuacións definitivas e a relación definitiva de persoas excluídas do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de chinés (592004) e xaponés (592013).

Segundo. Contra estas puntuacións definitivas e a relación definitiva de persoas excluídas, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o xulgado do contencioso-administrativo, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2012

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Baremo definitivo de admitidos - xaponés:

Apelidos e nome	DNI/NIE	Baremo	Total	Gal.
Hermo Agrasar, Pablo	44819703V	2.1-1,000	1,000	Si

Baremo definitivo admitidos - chinés:

	Apelidos e nome	DNI/NIE	Baremo	Total	Gal.
1	Morales Rodríguez, Pilar	08922291Q	1.1-0,1749 1.2-0,3201 1.4-0,0249 2.1-1,0000 2.3.1-1,0000 2.3.2-1,0000 2.4.b-0,5000 2.5.a-0,5000 (Supera o máximo de puntuación na epígrafe II)	4,5199	Non
2	Quesada Herrero, Salvador	21506872D	2.4.b-0,500 2.5.b-1,000	1,500	Non
3	Corderi Novoa, Modesto	44472132E	2.5.a-1,500 2.5.b-0,400 2.4.d-0,500 2.3.1-1,000 3.2-0,050	3,450	Si

Relación definitiva de excluídos:

Apelidos e nome	DNI/NIF	Corpo/Especialidade	Causa
Fukushima, Noriko	X3996759A	592013	3, 5
Suzuki Fukui, Misa	44845983P	592013	2, 3, 6
Kuyama, Naomi	TH8475962	592013	3, 5
Briones Galán, Isabel M ^a	36158243N	592013	2
Briones Galán, Guillermo	36158244J	592013	2
Briones Galán, Isabel M ^a	36158243N	592013	2
Crespo Nogueiras, Pablo	53114401H	592004	1
Sun Yang, Xijohong	45147171B	592004	1, 4
Kuyama, Naomi	TH8475962	592004	3, 5
Malerba, Alessia	X9129303M	592004	3
Sabadell Moro, Laura	12777661B	592004	7
Núñez Pol, Fernando	32830842K	592004	2

Causa de exclusión:

1. Titulación inadecuada.
2. Non reunir os requisitos de formación complementaria.
3. Titulación sen homologar.
4. Non presentou a documentación.
5. Non ter a nacionalidade española nin doutro país membro da Unión Europea ou de calquera outro dos Estados a que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras.
6. Documentación sen cotexar.
7. Xa está na lista de interinos/substitutos do mesmo corpo e especialidade.